



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ORDINARIA do 22 de AGOSTO de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

20.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMA DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2025. EXPTE. 13676/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 20/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/07/2025, asinado pola xefa do servizo de Igualdade e a asesora xurídica do servizo de Igualdade, e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 25 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2025.

A cantidade máxima destinada a esta liña de subvencións é de 91.500,00 € (noventa e un mil cincocentos euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”*.

A convocatoria e as bases de estas subvencións publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Así mesmo, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra os días 02/05/2025 (BOPPO núm. 82) e 08/05/2025 (BOPPO núm. 86), respectivamente. O prazo para presentar solicitudes comezou o 9 de maio e rematou o 22 de maio de 2025.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 49 entidades a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta e/ou incorrecta. Todas as entidades achegaron a documentación requirida excepto 2



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/08/2025 08:53	Páxina 1 de 7
13676-224	CSV: A5A88H-58D98D-4F342D-W9YJU8-11YG6V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

entidades (Fundación Sálvora. Entidade Galega de Apoio na Toma de Decisións das Persoas con Discapacidade, CIF G36733046, e Asociación Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención, CIF G36938272). Segundo o establecido na base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinárase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes conforme ao estipulado na base quinta.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria e por programa de 3.000 € (apartado 3 da base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV que acompañaba á solicitude).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por dona Ana Laura Iglesias González, concelleira delegada de Igualdade e Comercio que actuou como presidenta, dona Ana Kowalski Bianchi, asesora xurídica do Servizo de Igualdade, e dona Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 14 de xullo de 2025 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria (incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos programas segundo os criterios de avaliación e a puntuación total, o reparto dos remanentes e o importe das axudas propostas, e unha táboa co resumo das contías propostas para a súa concesión).

Das 49 solicitudes presentadas, sete entidades son propostas para a denegación das súas solicitudes polos seguintes motivos: 1 entidade presentou escrito de desistencia expresa da súa solicitude, 1 entidade non atendeu ao requirimento de emenda que se lle notificou, 1 entidade non estaba inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións na data en que presentou a súa solicitude (apartado 1.b) da base quinta das Bases reguladoras da convocatoria), e 4 entidades por considerar a Comisión de Avaliación que non son conformes coas bases reguladoras do programa (apartados 2.d) e 2.e) da base quinta) e as restantes 42 entidades solicitantes son propostas para concesión de subvención.

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que, da información que obra no poder do Servizo de Igualdade, se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das Bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria “Promoción da igualdade e do deporte feminino” 2311 4890000 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, as subvencións propostas ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos programas desenvolvidos ao abeiro do “Programa específico de subvencións do Servizo de Igualdade para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2025”, por un importe total de noventa e un mil catrocentos noventa e nove euros con noventa e seis



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/08/2025 08:53	Páxina 2 de 7
13676-224	CSV: A5A88H-58D98D-4F342D-W9YJU8-11YG6V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

céntimos (91.499,96 €), constando no anexo I, que se incorpora, a relación de entidades, programas e contías das axudas solicitadas e das subvencións concedidas.

2º.- Denegar a concesión de subvención ás solicitudes presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, polos motivos que se indican a continuación:

a) Por desistencia expresa da súa solicitude, conforme ao artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Fundación Sálvora. Entidade Galega de Apoio na Toma de Decisións das Persoas con Discapacidade, CIF G36733046, programa *Mulleres e discapacidade: Facendo comunidade coa comunidade*, expte. núm. 13775-224, que, con data de entrada no Rexistro xeral do Concello do 14/07/2025 e número de documento 250183353, presenta escrito de desistencia da súa solicitude.

b) Por desistencia tácita da súa solicitude, ao non atender ao requirimento de emenda enviado polo Servizo de Igualdade, conforme ao artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Asociación Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención, CIF G36938272, programa *Psicodrama para mulleres con TDAH e mulleres familiares dun TDAH*, expte. núm. 13738-224, por non responder ao requirimento do 23/06/2025.

c) Por non atoparse debidamente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude (apartado 1.b) da base quinta das Bases reguladoras da convocatoria):

- Caracatus Asoc. Sociocultural de Acompañamento e Intervención ás Familias, CIF G75587303, expte núm. 13776-224, que presenta a súa solicitude o día 21/05/2025 para o programa *Coñécete: Explórate: Programa Formativo De Autoexploración Mamaria*. Segundo informe do Servizo de Participación Cidadá de data 06/06/2025, documento número 250128715, incorporado ao expte. 13676-224, esta entidade está formalmente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións desde o 05/06/2025.

d) Porque, a xuízo da Comisión de Valoración, tal e como queda reflectido na acta de valoración de data 14 de xullo de 2025, trátase de programas que, para a mesma finalidade, foron solicitados noutras Áreas ou Servizos do Concello de Vigo (apartado 2.d) da base quinta) e/ou que teñen unha relación e canle máis específica de axuda noutras Áreas do Concello de Vigo ou que a totalidade ou parte do seu obxecto está incluído nalgún convenio de colaboración ou contrato co Concello de Vigo (apartado 2.e) da base quinta):

- Down Vigo. Asociación para el Síndrome de Down, CIF G36697324, expte. núm. 13728-224, programa *Mulleres na aula ECA*.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/08/2025 08:53

Páxina 3 de 7

13676-224

CSV: A5A88H-58D98D-4F342D-W9YJU8-11YG6V-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- **AFAGA.** Asociación de familiares de enfermas/os de Alzheimer y otras demencias de Galicia, CIF G36776920, expte. núm. 13733-224, programa *Grupo de axuda mutua a mulleres coidadoras de persoas con demencia*.
- **AECC.** Asociación Española contra el Cáncer, CIF G28197564, expte. núm. 13765-224, programa *Coidadoras visíbeis: igualdade e recoñecemento das mulleres coidadoras de persoas con cancro*.
- **Asociación Rede de Mulleres veciñais** contra os malos tratos de Vigo, CIF G36928646, expte. núm 13.784-224, programa *Consciencia e recreo emocional, curso de benestar e autoliderazgo*.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

4º.- Notificar o acordo ás entidades interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/08/2025 08:53	Páxina 4 de 7
13676-224	CSV: A5A88H-58D98D-4F342D-W9YJU8-11YG6V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I. ENTIDADES, PROGRAMAS, CONTÍAS SOLICITADAS E CONTÍAS CONCEDIDAS

EXPTE.	CIF	ENTIDADE BENEFICIARIA	NOME DO PROGRAMA	Puntuación	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
13726	G36648608	ASOC. VECIÑAL DE CONSUMIDORES E USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO DE NAVIA	OBRADOIRO DE ORIENTACIÓN LABORAL PARA MULLERES	21	967.28 €	967.28 €
13729	G36648988	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIÁNS	CERÁMICA DE INICIACIÓN VIII	15	1,200.00 €	1,200.00 €
13731	G27727593	ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	MULLERES VIGO-ACTIVAS 2025	25	3,000.00 €	3,000.00 €
13734	G36861078	FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	PROXECTO OLIMPIA	33	1,583.00 €	1,583.00 €
13735	G15220577	ASOCIACIÓN GALLEGA DE HEMOFILIA	IGUALHEMOS 2025: XORNADA FORMATIVA PARA MULLERES CON COAGULOPATÍAS	21	575.84 €	575.84 €
13736	G36659894	ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN ROQUE	MANTER EN FORMA O ESTADO FÍSICO E MENTAL (PILATES)	16	3,000.00 €	1,940.86 €
13737	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	XI XORNADAS DIVULGATIVAS SOBRE O PAPEL DA MULLER NO SECTOR PESQUEIRO E CONSERVEIRO	29	1,500.00 €	1,500.00 €
13748	G36622835	ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO	O PESO INVISIBLE DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO: FALEMOS DE VIOLENCIAS MACHISTAS	30	580.00 €	580.00 €
13750	G36706927	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA CIG	PARAMOS PARA MUDAR GALIZA: O FEMINISMO DE CLASE NAS FOLGAS DO 8M	36	3,000.00 €	3,000.00 €
13751	G36895993	ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA DE VIGO	CURSO DE CANTO TRADICIONAL GALEGO	18	1,650.00 €	1,650.00 €
13752	G36964757	ASOCIACIÓN DE MUJERES VIUDAS DEMÓCRATAS EUROPEAS DE VIGO	CURSO DE PILATES	16	750.00 €	750.00 €
13753	G27832856	ASOCIACIÓN CULTURAL DA VILA DE BOUZAS	ELAS, AS DE BOUZAS (3ª EDICIÓN)	23	435.24 €	435.24 €
13754	G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	XORNADA "SOLTANDO AMARRAS"	36	3,000.00 €	3,000.00 €
13755	G36998896	FUNDACIÓN CLUSTER CONSERVACIÓN PRODUCTOS DEL MAR	XI XORNADAS DIVULGATIVAS SOBRE O PAPEL DA MULLER NO SECTOR PESQUEIRO E CONSERVEIRO	29	1,500.00 €	1,500.00 €
13756	G36820637	ASOCIACIÓN GALLEGA AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO	CURSO DE PANDEIRETEIRAS 2024-2025	18	2,329.42 €	2,183.46 €
13757	G36649325	ASOC. VECIÑAL DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLO	CONVIVIR EN IGUALDADE	35	3,000.00 €	3,000.00 €
13758	G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	COIDADOS E MASCULINIDADES: UN PASO DECISIVO PARA A IGUALDADE	23	2,438.54 €	2,438.54 €
13759	G36691855	ASOC. VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMÁNS	FACÉMOLO NÓS	18	700.00 €	700.00 €
13760	G27852755	ASOC. SOCIOCULTURAL AS DA INDUSTRIA	FEMINISMO AS DA INDUSTRIA 2025	32	3,000.00 €	3,000.00 €
13761	G36619468	ASOC. DE MUJERES DORNA DE LA PARROQUIA DEL CRISTO DE LA VICTORIA	CURSO "VIVIR EN IGUALDADE"	40	3,000.00 €	3,000.00 €
13766	V36658680	CENTRO RECREATIVO Y CULTURAL DE CABRAL VIGO	RESTAURACIÓN E DECORACIÓN DO MOBLE	26	2,832.00 €	2,832.00 €
13767	G36729796	ASOCIACIÓN VECIÑAL DA FEIRA DE CABRAL	CURSO "VIVIR EN IGUALDADE"	33	3,000.00 €	3,000.00 €
13768	G36709004	ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUTOR FLEMING	SAÚDE E MULLER 2025	18	3,000.00 €	2,183.46 €
13769	G36648996	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA	CURSO "VIVIR EN IGUALDADE"	33	3,000.00 €	3,000.00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/08/2025 08:53	Páxina 5 de 7
13676-224	CSV: A5A88H-58D98D-4F342D-W9YJU8-11YG6V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I. ENTIDADES, PROGRAMAS, CONTÍAS SOLICITADAS E CONTÍAS CONCEDIDAS (continuación)

EXPTÉ.	CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntuación	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
13770	G36802536	ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA AYUVI	PROGRAMA NÓS. EMPODERAMENTO, AUTOCOIDADADO E AMOR PROPIO	15	1,700.00 €	1,700.00 €
13771	G36624120	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	TECENDO REDES	31	3,000.00 €	3,000.00 €
13772	G36684991	ASOC. VECIÑAL AS FONTES DE LAVADORES	CURSO "VIVIR EN IGUALDADE"	33	3,000.00 €	3,000.00 €
13773	G56818164	ASOCIACIÓN CULTURAL LAR DE SOPAS	AVOAS COIDADORAS E VECIÑANZA	29	3,000.00 €	3,000.00 €
13774	G36654036	ASOC. VECIÑAL DE SAN PEDRO DE MÁTAMA A UNIÓN	INTELIXENCIA EMOCIONAL APLICADA AO NOSO DÍA A DÍA	24	1,650.00 €	1,650.00 €
13777	G36654184	ASOCIACIÓN VECIÑAL SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA O FREIXO VALLADARES	PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE EN FREIXO 2025	19	3,000.00 €	2,304.76 €
13778	G81454969	FUNDACIÓN AMIGÓ	ACOMPANANDO	36	3,000.00 €	3,000.00 €
13779	G36662971	ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA	SEGUIMOS TRABALLANDO DE CARA A MELLORAR A NOSA CALIDADE DE VIDA	21	2,300.00 €	2,300.00 €
13780	G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	ESPAGO NÓS MESMAS: SEMENTES DE COIDADADO, RAÍCES QUE FALAN	25	3,000.00 €	3,000.00 €
13781	G36380301	ASOC. DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA E XINECOLÓXICO	PROMOCIÓN DA SAÚDE NAS MULLERES DIAGNOSTICADAS DE CANCRO 2025	29	3,000.00 €	3,000.00 €
13783	G04965679	ASOCIACIÓN AS DA BOUZA	MULLERES, ARTES E OFICIOS TRADICIONAIS	24	3,000.00 €	2,911.27 €
13785	G15103112	SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA	ENCONTRO SINDICAL DA MULLER: TRABALLAR SEGURAS E LIBRES DE ACOSO E DISCRIMINACIÓN	43	3,000.00 €	3,000.00 €
13786	G27771195	ASOCIACIÓN VECIÑAL NOVO VIGO	O SESGO DE XÉNERO NAS NEURODIVERXENCIAS E COMO ATENDER Á DIVERSIDADE	23	440.00 €	440.00 €
13787	G36632081	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE BEADE AVCU-CSCR	TALLER "A ARTE DA FLOR"	14	1,079.52 €	1,079.52 €
13788	G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	"TÉÑAMOS EN CONTA" (CLASES DE MÚSICA POPULAR PARA CANTAREIRAS	26	3,000.00 €	3,000.00 €
13789	G15383011	UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA	XXIX ENCONTRO SINDICAL DA MULLER TRABALLADORA. POR UN SINDICALISMO FEMINISTA, XUSTO E TRANSFORMADOR	39	3,000.00 €	3,000.00 €
13790	G27739861	ASOC. CULTURAL TRASPÉS	O LEGADO CULTURAL DAS NOSAS INFORMANTES	18	3,000.00 €	2,183.46 €
13791	G36633618	ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL, DEPORTIVA E DE CONSUMIDORES E USUARIOS DE LAVADORES	MULLERES DE LAVADORES: HOXE E SEMPRE	24	3,000.00 €	2,911.27 €

91,499.96 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/08/2025 08:53

Páxina 6 de 7

13676-224

CSV: A5A88H-58D98D-4F342D-W9YJU8-11YG6V-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

PSD/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/08/2025 08:53	Páxina 7 de 7
13676-224	CSV: A5A88H-58D98D-4F342D-W9YJU8-11YG6V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		